



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE DECEMBRO DE 2013**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día trinta de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de decembro de 2013**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia**

- Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público. (Boletín Oficial do Estado número 305, de data do día 21 de decembro de 2013).
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se crea a Rede galega de atención temperá. (Diario Oficial de Galicia número 244, de 23 de decembro de 2013).
- Orde PRE/2407/2013, de 23 de decembro, do Ministerio da Presidencia, pola que se publican as características das operacións de préstamo a subscribir con entidades locais previstas na terceira fase do Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, aprobadas mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos

de 7 de novembro de 2013. (Boletín Oficial do Estado número 307, do 24 de decembro de 2013).

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 247, de data 27 de decembro de 2013).

- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico. (Boletín Oficial do Estado número 310, do día 27 de decembro de 2013).

- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público. (Boletín Oficial do Estado número 311, do día 28 de decembro de 2013).

- Real decreto 1016/2013, de 20 de decembro, do Ministerio de Economía e Competitividade, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2013. (Boletín Oficial do Estado número 311, do día 28 de decembro de 2013).

- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. (Boletín Oficial do Estado número 312, do día 30 de decembro de 2013).

- Resolución de 20 de novembro de 2013, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Parques Nacionais, pola que se publica a aprobación pola UNESCO de tres reservas da biosfera españolas, entre elas, a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 312, do día 30 de decembro de 2013).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo**

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que houbo numerosas peticións para ampliar a zona do parking express no Temple, na rúa Otero Pedraio. Engade que se decidiu crear un determinado número de prazas que a Policía local comunicará cantas poden ser, aínda que se estuda que poidan ser catro prazas.

A continuación informa que mañá, ás 12.00 horas, a iniciativa dos comerciantes da parroquia do Temple, se fará un simulacro das badaladas de fin de ano ás 12.00 horas e





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

habará animación infantil. O día 4 de xaneiro haberá unha festa infantil no parque Ramón Barba, di que se non chove, con inchables, discoteca, personaxes, etc.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que esta semana se resolveron as subvencións de Cambre emprende e se presentaron bastantes máis solicitudes que o ano pasado.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que como consecuencia do temporal que afectou a semana pasada, a brigada estivo a traballar o día de Noiteboa, dado que houbo moitas caídas de árbores. A tormenta afectou ao colexio de Sigrás e desapareceron tramos de cable na rúa Lourençiño como consecuencia das tormentas. Continúa a dicir que houbo problemas cos semáforos do Paraguas que estiveron avariados dende o día 24 ao día 27. Volveronse a avariar e están a funcionar dende o día 28. Hoxe, aínda hai árbores apoiadas en tendidos eléctricos que durante estes días se solucionarán.

A continuación informa que se adjudicou a obra para a mellora de 72 arquetas na urbanización da Barcala, 69 de fecais e 3 de pluviais, para os efectos de resolver problemas de atascos. Tamén se colocaron uns soportes para colocar testos na praza José Luis Caso Cortines.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que se está a desenvolver cunha resposta moi positiva o ciclo de cine infantil do nadal, tanto na Barcala como no Graxal.

A seguir informa que o pasado sábado día 28 de decembro tivo lugar a representación da obra "pero esto es un cuento" no Graxal, con moito éxito.

A continuación informa respecto dos actos a celebrar os vindeiros días: os días 2 y 3 de xaneiro, na Casa de Cultura, de 18.00 a 20.00 horas estará o carteiro real. O día 3 de xaneiro, ás 17.00 e ás 19.00 horas na Barcala proxectarase a película "Aviones". O día 4 de xaneiro, ás 16.00 e ás 20,30 horas no Graxal proxectarase a película "Monsters University". Ás 19.30 horas, na igrexa de Cambre, terá lugar o tradicional concerto de panxoliñas a cargo das corais de Cambre.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 5 de xaneiro, a partir das 17.30 horas, terá lugar a tradicional cabalgata de reis. Sairá das naves de detrás da autoestrada. Pasará polo Temple e A Barcala con final no campo da feira sobre as 19.00 horas. Engade que o motivo de que sexa no campo da feira é por seguridade e capacidade do polideportivo onde se realizaba anteriormente.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que o luns, ás 11.30 horas se asinarán os convenios coas ANPAS de Cambre.

Tamén informa que a semana pasada comezaron as obras de acondicionamento do local da Cruz Vermella.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria



Manuel Rivas Caridad



María Luisa de la Red Ampudia